

BD O cómic que Fran Bueno ultima sobre os efectos do cambio climático en Galicia para o proxecto Climática terá continuidade en oito historietas

Odisea Medioambiental'

Dirixida a alumnos de secundaria, a obra trata a subida do nivel do mar, os tumos ou as enerxías alternativas


V. Oliveira · Santiago

A BD de doce páxinas que o debuxante compostelán Fran Bueno está a rematar para a Consellería de Medio Ambiente dentro do proxecto Climática, será a primeira dunha serie didáctica que terá continuidade en oito historietas máis.

Odisea Medioambiental é o título da obra que Fran Bueno está a rematar dende que a finais do ano pasado Francisco Sónora, director do proxecto Climática, se puxera en contacto co debuxante para que elaborase un cómic con finalidade didáctica. "Trátase de adiviñar o que pode pasar e as posibilidades para soluciónalo", asegura Bueno.

Ambientado no futuro, o cómic está guiado pola parella formada por Palmira e Marcial que analizan as consecuencias do cambio climático no mundo e en Galicia como enumera o autor—"as enerxías alternativas, a prevención da subida do nivel do mar e o que hai que facer: non construír preto da costa, a prevención tamén contra os incendios, e a repoboación dos bosques".

Temas que se tocan "lixeramente" debido ó "pouco espazo" de páxinas co que conta o ilustrador, que xa participou noutros proxectos de BD dirixidos ao público infantil como *Golfito*. "Este cómic está dirixido a estudantes de secundaria, co cal intento enfocalo cun estilo caricaturesco para facelo divertido xa que



A portada —á esquerda— e unha das páxinas do cómic 'Odisea Medioambiental' que Fran Bueno está a elaborar



OS EFECTOS DA CONTAMINACIÓN

Cidadáns vs grandes corporacións

"Supoño que cousas como o cambio climático son cousas que moitas veces non dependen tanto dos cidadáns como das grandes corporacións que teñen máis poder". Así opina Fran Bueno sobre a capacidade que pode ter calquera para "facer algo contra o cambio climático". Nesta liña didáctica enfócase o proxecto Climática da Consellería de Medio Ambiente que se recolle en oito capítulos adicados a como o lixo, os incendios, a ordeación do territorio e o turismo afectan ó clima así

como os efectos da contaminación no medio rural e urbano, nas especies e nos ecosistemas e na auga. Os seus primeiros traballos apareceron en *Totem*, *Elipse* ou *Conciencia Planetaria*. Realizou o álbum *O máxico arrecendo* para a editorial Vía Láctea e debuxou tres bancas deseñadas para o Consello da Cultura Galega. Participou en diversas exposicións como O Cómic en Galicia (1993), Viñetas desde o Atlántico (1999, 2001, 2002) e o Salón de BD de Cangas (2002).

os contidos que inclúe están máis elaborados", sinala. De momento, só está previsto que as historietas vaian apareladas a cadansúa unidade didáctica que se distribuirán en bibliotecas e en centros de ensino. A finais de abril, Fran Bueno rematará o primeiro número da serie que verá a luz cara ó verán. Até esta data, o debuxante dedicárase en corpo e alma a rematar a BD para a Consellería de Medio Ambiente e despois ten previsto continuar con novos proxectos con Jay Faerber, o guionista do selo nortamericano Image co que xa elaborou a serie 'Noble Causes' converténdose no primeiro galego asentado no mercado do cómic estadounidense. ●